

Expediente: 63/ 2026

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DURANTE A FESTA DA LANGOSTA E DA COCIÑA MARIÑEIRA.

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a adxudicación dos seguintes postos durante a Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira a celebrar na Guarda o vindeiro mes de xullo:

- 6 postos de promoción e venda preferentemente de mariscos e outros produtos procedentes da pesca e a acuicultura
- 1 posto adicado a cafetería, auga e refrescos
- 1 posto adicado á venda de viño
- 1 posto adicado a repostería.

Os postos terán una lonxitude mínima de catro metros liñais.

NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER: A contratación é necesaria para os fins de levar a cabo: celebración da Festa da Lagosta e da cociña mariñeira como festa de promoción gastronómica no Concello da Guarda.

2.- CANON E TIPO DE LICITACIÓN. PAGO DO PREZO.

Establécese un canon mínimo anual, que poderá ser mellorado á alza polos licitadores, serán os seguintes:

Posto de promoción e venda preferentemente de mariscos e outros produtos procedentes da pesca e da acuicultura	Cada restaurante (6 en total)	850 €
Posto adicado a venda de viño	Adegas de denominación Rías Baixas	730 €
Posto adicado a cafetería, auga e refrescos	Cafetería	550 €
Posto adicado a repostería	Pastelería	550 €

RÉXIME DE INGRESO DO CANON



O adxudicatario está obrigado a aboar o prezo total ofertado debendo realizarse, respecto do primeiro ano, o abono a favor do Concello da Guarda mediante transferencia bancaria no prazo de 5 días hábiles seguintes á formalización do contrato, ingreso que deberá realizar na conta bancaria titularidade do concello que se estableza no propio documento de formalización

Dado que o importe do canon anual a satisfacer quedará establecido no correspondente Decreto de adxudicación e no contrato que se formalice e manterase inalterable ao longo da vida do contrato, cada abono do canon anual durante as seguintes anualidades de vixencia do contrato realizarase polo adxudicatario durante os quince primeiros días naturais do mes de xuño de cada ano sen necesidade de que se lle notifique liquidación algunha por parte do Concello, debendo realizarse o ingreso na mesma conta bancaria sinalada no documento de formalización do contrato .

En caso de falta de pagamento do canon nalgún dos prazos establecidos, procederase á cobranza do mesmo polo procedemento de prema, esixíndose así o seu pago en vía executiva coas recargas, intereses e costas correspondentes.

3.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación competente será a Alcaldía. De conformidade co disposto no art. 190 da LCSP, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na citada Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polo contratista durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP. En ningún caso ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais emplacements e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato. En tal caso, o órgano de contratación deberá xustificalo de forma expresa e detallada no expediente administrativo.

De conformidade co disposto no art. 191, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista.



Durante todo o proceso de contratación, haberá de cumprirse coas esixencias de publicidade en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

Responsable do contrato: técnica de turismo.

4.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.

Establécese como procedemento e forma de adxudicación da contratación obxecto do presente Prego, o procedemento aberto, tramitación ordinaria, conforme á LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar a súa proposición.

Dada a natureza da prestación obxecto deste contrato non é posible a súa división por lotes.

5.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de duración corresponderase cos días de celebración da Festa da Langosta e da cociña mariñeira no mes de xullo do ano correspondente.

En atención ó disposto no art. 92 da Ley 33/2003, de 3 de noviembre, del Patrimonio de las Administraciones Públicas:

3. Las autorizaciones habrán de otorgarse por tiempo determinado. Su plazo máximo de duración, incluidas las prórrogas, será de cuatro años.

4. Las autorizaciones podrán ser revocadas unilateralmente por la Administración concedente en cualquier momento por razones de interés público, sin generar derecho a indemnización, cuando resulten incompatibles con las condiciones generales aprobadas con posterioridad, produzcan daños en el dominio público, impidan su utilización para actividades de mayor interés público o menoscaben el uso general.

Establécese unha duración de DOUS ANOS, prorrogable por outros dous anos mais, ata un máximo de catro anos, sempre limitada a autorización exclusivamente ós días concretos de celebración da festa cada ano.

6.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financeira e técnica nos termos previstos neste prego e non estean incursas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 71 da LCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou



profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 65 da LCSP).

A inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia acreditará, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económico-financeira e técnica, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non das prohibicións para contratar que deban constar no mesmo.

A proba do contido do rexistro efectuarase mediante certificación do órgano encargado do mesmo.

No resto dos casos, a acreditación da aptitude para contratar xustificarase do seguinte xeito:

1.A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

- Das **persoas físicas**, mediante o NIF ou documento que o substitúa.
- Dos empresarios que sexan **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.
- Cando a proposición non apareza asinada polo licitador, deberá incluírse o **poder** outorgado a favor de quen subscribe a proposición, xunto cunha copia do DNI do apoderado.

2. A proba, por parte dos empresarios, de **non estaren incursos nalgunha das prohibicións para contratar** do artigo 71 da LCSP (declaración Anexo I dos presentes pregos).

3. A **solvencia do empresario** :

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)

Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es

www.aguarda.es



A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Declaración de idoneidade expedida por entidade financeira no que se deixe constancia asimesmo de que o saldo de liquidez media do ano anterior ascende a unha cantidade mínima de 1.000 euros.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera dos seguintes medios:

- Unha relación dos principais servizos, actividades ou traballos realizados nos últimos cinco anos relacionados co obxecto do contrato debendo acompañar documentación acreditativa (Contrato mercantil, contrato de traballo e vida laboral, etc). Se establece como requisito mínimo de solvencia profesional a xustificación de que no período sinalado se realizaron actividades, servizos ou traballos durante un período mínimo de tres meses.

- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

-Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables da execución do contrato así como dos técnicos encargados directamente da mesma, sempre que non se avalíen como un criterio de adxudicación.

4.Unións temporais de empresas: os empresarios que concorran á licitación en unión temporal constituída ao efecto deberán indicar os nomes e circunstancias de cada un deles, porcentaxe de participación, representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, e compromiso de constituírse formalmente en escritura pública antes da formalización do contrato no caso de que resultasen adxudicatarios do contrato, de acordo co establecido no artigo 69 da LCSP.

7.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA



Non se esixe.

8.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

As proposicións presentaranse exclusivamente empregando medios electrónicos a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Prazo

10 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

SE O ÚLTIMO DÍA COINCIDISE EN SÁBADO, DOMINGO OU FESTIVO, O PRAZO PRORROGARASE ATA O PRIMEIRO DÍA HÁBIL SEGUINTE.

9.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES.

As proposicións constarán dun **sobre ÚNICO**, pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar de modo visible no exterior o órgano de contratación ao que se dirixe, o procedemento ao que concorre e o nome do licitador. No seu interior farase constar en folia independente o seu contido, ordenado numericamente.

Dentro do **sobre único** incluírase a seguinte documentación:

1.-Declaración responsable, que se axustará ao modelo establecido no **ANEXO I** do presente prego, sinalando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e que se compromete, se fose proposto como adxudicatario, a acreditar a posesión e validez dos documentos esixidos para acreditar a aptitude para contratar e declaración responsable relativa a non estar incurso en prohibicións e incompatibilidade para contratar coa Administración.

2.- Oferta económica conforme ao modelo que se incorpora en **ANEXO II** do presente Prego.

Cada licitador unicamente poderá presentar unha proposición. Non podendo tampouco presentar ningunha proposta de unión temporal, si o contratista o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal das que se presenten.

10. GARANTÍA PROVISIONAL.

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)

Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es

www.aguarda.es



Non se esixe garantía provisional.

11.- CRITERIO DE VALORACIÓN.

O criterio que servirá para a adxudicación do contrato será o seguinte:

1º.- Polo maior **incremento do canon anual** tipo.

Os licitadores deberán presentar unha única oferta económica á alza sobre o tipo de licitación.

Só se valorarán os incrementos do canon mínimo fixado, de xeito que non se outorgará puntuación aos licitadores que oferten o importe do canon mínimo sen ofertar incremento. Este apartado valorarase obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outorgaráselle a maior puntuación ao licitador que realice a mellor oferta, e aos restantes en proporción a esta, por regra matemática de tres.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición para cada categoría de posto; unicamente caberá concorrer polo mesmo licitador a un dos postos de promoción e venda preferentemente de mariscos e outros produtos procedentes da pesca e a acuicultura e ó posto adicado a cafetería, auga e refrescos.

Criterios de desempate:

No caso de que na oferta se producira un empate entre dous ou máis licitadores resolverase mediante sorteo público.

En relación cos valores anormais ou desproporcionados das ofertas, se estará ó disposto na LCSP.

12.- MESA DE CONTRATACIÓN.

a) Presidente: don Óscar Alonso Álvarez, por delegación do Alcalde-Presidente do Concello da Guarda.

b) Vogais:

- Dona Julia María Carrasco González-Alegre, secretaria do Concello da Guarda, ou quen legalmente a substitúa.
- Dona Alba Chantada Pazos, interventora do Concello da Guarda, ou quen legalmente o substitúa.



c) Secretario: don José Carlos Martínez Crespo, funcionario do Concello da Guarda (titular); dona María Emilia Fernández Rodríguez, funcionaria do Concello da Guarda (suplente).

13.- APERTURA DE PROPOSICIÓN.

Concluído o prazo de presentación das ofertas procederase pola Mesa de Contratación, á apertura da documentación presentada polos licitadores en tempo e forma, verificándose que constan tódolos documentos, manifestacións e declaracións responsables indicados na cláusula 9.

As propostas que non cumpran as condicións esixidas nos pregos non serán obxecto de valoración, quedando excluídas do procedemento.

Seguidamente, darase lectura ás ofertas económicas.

De todo o actuado conforme aos apartados anteriores deixarase constancia nas actas correspondentes nas que se reflectirá o resultado do procedemento e as súas incidencias. Os resultados dos actos de cualificación, admisión ou exclusión das ofertas publicaranse no perfil do contratante, sen prexuízo da necesaria comunicación ou notificación, segundo proceda, ós licitadores afectados.

A Mesa poderá solicitar cuantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas conforme os criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

Á vista da valoración das ofertas, a Mesa de Contratación propoñerá a adxudicación ao licitador que presentase a mellor oferta.

14.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previstos a que fai referencia a cláusula 6 dos presentes pregos, así como de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social (ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso). Deberase achegar para iso toda a documentación que lle acredite a Aptitude de contratar, regulada na Cláusula 8 deste Prego.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.



Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

15.- GARANTÍA DEFINITIVA.

De acordo coas especiais características do contrato se exige da presentación de garantía definitiva ó adxudicatario.

16.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de 15 días.

17.- FORMALIZACIÓN.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

Achegarase ao documento contractual o presente Prego, documento que reviste carácter contractual, polo que deberá ser asinado, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

18.- EXECUCIÓN DO CONTRATO



O contrato executarase a risco e ventura do contratista, con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos e de acordo coas instrucións que dea o órgano de contratación ao contratista para a súa interpretación.

1. O adxudicatario terá dereito á explotación do posto durante o tempo que duren as festas, non podendo ceder, arrendar ou subcontratar dita explotación a terceiros. Dita explotación levará cabo a risco e ventura do adxudicatario, non asumindo en ningún caso o Concello da Guarda as posibles perdas que o citado negocio poida causar ao adxudicatario. En caso de cancelación do evento o Concello da Guarda limitarase a reintegrar o prezo abonado no seu caso polo adxudicatario, sen que caiba a reclamación de indemnización algunha pola devandita cancelación, a condición de que dita cancelación sexa anunciada polo menos con 24 horas de antelación. Igualmente o Concello da Guarda resérvase o dereito de modificar as datas aquí indicadas para a celebración das festas, sendo suficiente que se notifique ao adxudicatario dita modificación polo menos con 48 horas de antelación. Dita modificación igualmente non dará dereito a indemnización algunha, sen prexuízo de que a presente autorización de ocupación de dominio público en todos os seus termos mantéñase para a nova data fixada.

2. O adxudicatario deberá respectar o obxecto da presente autorización e os límites establecidos na mesmo, non podendo destinar a instalación a outras actividades distintas ás fixadas nos presentes pregos, nin aínda cando sexan compatibles con aquela. O descoñecemento dos termos dos presentes pregos e das prescricións técnicas, os anexos que forman parte desta documentación, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgadas pola Administración que poidan ter aplicación na explotación da presente autorización, non eximirán ao adxudicatario da obrigaón do seu cumprimento e da responsabilidade que se poida derivar da súa inobservancia.

3. O adxudicatario deberá na explotación, montaxe e desmonte do posto utilizar os materiais, subministracións, procedementos e equipos que cumpran a normativa vixente, debendo estar en poder das cesións, autorizacións e permisos necesarios dos titulares no seu caso das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondente, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos no seu caso. O adxudicatario será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e deberá indemnizar á Administración de todos os danos e prexuízos que para a mesma poidan derivarse da interposición de reclamacións nesta materia.



4. O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento de todas as obrigacións vixentes na orde tributaria, quedando a Corporación exonerada de calquera responsabilidade en caso de incumprimento das mesmas.

5. Será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contido da licenza. Igualmente será responsable o adxudicatario de todos os danos causados durante a prestación do servizo tanto a terceiros como á propia Administración aínda cando non medie culpa ou negligencia na prestación do servizo.

6. No caso de que o adxudicatario tivese acceso a datos de carácter persoal deberá respectarse as previsións establecidas pola normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

7. O adxudicatario quedará obrigado respecto ao persoal que empregue para a explotación dos postos á realización do traballo en cumprimento das disposicións vixentes en materia de ordenación laboral e social. O incumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre prevención de riscos laborais para parte do persoal designado pola mesma, non implicará en ningún caso, responsabilidade algunha para a Corporación.

8. O adxudicatario dará cumprimento ao previsto na normativa vixente en materia de Seguridade e Saúde nas obras de construción, na construción e montaxe do posto. Igualmente cando resulte necesario conforme á respectiva normativa de aplicación o adxudicatario vendará obrigado á elaboración, no seu caso, do correspondente Plan de Seguridade e Saúde, en desenvolvemento do estudo de Seguridade e Saúde, ou no seu caso do Estudo Básico de Seguridade e Saúde das obras.

Finalmente o adxudicatario e o resto de persoal empregado por este virá obrigado a cumprir con todas as disposicións establecidas no Plan de Autoprotección, plans de seguridade, proxectos técnicos esixidos pola normativa sectorial e demais instrucións que se dispoñan por parte do Concello da Guarda ou da persoa ou empresa contratada por este para realizar as funcións de control e seguimento das festas e de que a execución das mesmas leva a cabo nas debidas condicións de seguridade para os asistentes, debendo no seu caso presentar canto documentación e adoptar cantas medidas séxanlle requiridas a estes efectos.



9. O adxudicatario deberá manter en bo estado de conservación a porción de terreo ocupado, así como perfectamente limpa a área que rodea a instalación.

10. Será obrigación do adxudicatario indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contido da licenza. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

11. En adxudicatario virá obrigado á montaxe, desmonte e instalación do posto coa suficiente antelación á celebración das festas. En todo caso o desmonte deberá levar a cabo nun prazo non superior a 24 horas desde a finalización da festa debendo deixar o lugar nas mesmas condicións nas que se lle facilita, libre de calquera elemento, lixo ou desperdicio. Os danos que o adxudicatario poida experimentar nos bens integrantes da instalación (barra, toldo, neveiras, produtos etc...) non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías, roubo ou prexuízos sufridos durante a explotación do posto, incluído durante o tempo de montaxe e desmonte da mesma.

12. O adxudicatario será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contido da licenza tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas dos bens obxecto da licenza, ou polo erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorrese. Para responder de tales posibles danos deberá contar coa oportuna póliza de responsabilidade civil de conformidade co previsto na normativa vixente.

13. O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto da licenza, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

14. O adxudicatario deberá gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos e notorios chegasen ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

15. O adxudicatario terá que designar a unha persoa responsable, localizable en todo momento en horario de 24 horas por teléfono móbil, que atenderá as peticións do persoal municipal designado e servirá de intermediario co resto dos



servizos e persoal do adxudicatario, ante calquera incidencia que poida xurdir durante a explotación do posto.

O adxudicatario achegará a información que especificamente se lle solicite, á marxe do especificado nos pregos de condicións técnicas.

16. A empresa ou persoa adxudicataria comprométese a contratar ao persoal necesario para a realización do servizo, e a facerse cargo do persoal procedente doutra ou outras contratas, cando así o esixan as normas, convenios ou acordos en vigor. Devandito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, por canto este terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario e quedará o adxudicatario obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e social e das demais que sexan aplicables e que se poidan promulgar durante a prestación do servizo obxecto desta licenza.

En ningún caso entenderase como persoal adscrito ao servizo aquel persoal de apoio ou de estrutura da empresa, o persoal directivo e en xeral aquel cuxo cometido non sexa a prestación directa dos servizos obxecto desta licenza, descritos nos pregos que rexen a contratación.

A substitución do persoal por vacacións ou permisos, representación sindical ou baixa farase de forma inmediata e será por conta do adxudicatario de tal maneira que a prestación do servizo non sufra ningunha diminución ou prexuízo.

En todo caso, o aumento de persoal ou da xornada laboral do persoal adscrito inicialmente ao servizo, salvo que se trate de substituír persoal por licenzas, vacacións, representación sindical, permisos ou baixas mentres duren estas, require que se proceda á súa motivación, así como autorización expresa do concello.

En ningún caso establecerase relación algunha entre o persoal contratado polo adxudicatario e o Concello, nin asumirá esta último obrigação algunha de incorporación a persoal ou indemnización ao termo da presente licenza. Se en virtude de sentenza xudicial ou laudo, convenio colectivo ou calquera normativa na materia obrigábase ao Concello para asumir calquera obrigação respecto ao persoal, o adxudicatario indemnizará ao Concello na contía equivalente ao custo de indemnizacións por despedimento, costas xudiciais, salarios, cotizacións sociais e retencións ou pago de impostos non satisfeitos, así como calquera outro custo derivado do mesmo imputado ao concello.

17. O adxudicatario estará obrigado a vender exclusivamente os produtos autorizados por este Concello e que se describen no prego de prescricións técnicas. A venda de tales produtos deberá realizarse respectando as normativas vixentes en materia de sanidade e consumo debendo realizarse por persoas que superasen os correspondentes **cursos e habilitacións en materia de**



manipulación de alimentos cando resulten necesarios. Igualmente o adxudicatario absterase de vender produtos cuxa normativa así o prohiba.

18. O adxudicatario estará obrigado a respectar o horario fixado nos pregos de prescricións técnicas tanto para o inicio como para a finalización da explotación do posto. A partir da hora de peche non se expedirá consumición algunha. Igualmente estará obrigado á vixilancia das instalacións en todo momento ata o seu desmorte e deberá dotar as instalacións de todo utilaxe, material, equipos e medios precisos para levar a cabo a explotación correcta deste.

19. A lista de prezos deberá estar exposta de forma visible na barra e en ningún caso permítese a venda de bebidas alcohólicas a menores de idade. O adxudicatario será o responsable do incumprimento da normativa relativa ao consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

20. O adxudicatario deberá estar alta no imposto de Actividades Económicas que habilite para o exercicio da actividade como bar, cafetería, pub, restaurante, discoteca ou sala de festas, hotel, cámping, alimentación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

19.- GASTOS

Serán de conta do adxudicatario os gastos de impostos, do Valor Engadido, anuncios e cantos outros puideran derivarse da adxudicación, actos preparatorios e de adxudicación do contrato e de formalización pública do mesmo no seu caso.

20.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no prego de cláusulas técnicas.

21.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO



Nin o contratista nin o responsable do servizo poderán introducir ou executar modificación ningunha no obxecto do contrato sen a debida aprobación previa e, no seu caso, do presuposto correspondente polo órgano de contratación. As modificacións que non estean debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade no contratista, quen virá obrigado a refacer a parte dos mesmos que resulte afectada por aquelas, sen aboamento ningún.

En relación coa modificación dos contratos, se estará ao disposto nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

22.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do contrato as previstas no artigo 211 da LCSP , cos dereitos que se establecen nos mesmos.

Así mesmo, constituirá causa de resolución do contrato imputable ao contratista:

a) O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato. A estes efectos, entenderase producido o abandono cando a prestación non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos ou materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

b) A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, nalgunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

c) Calquera utilización da denominación “ Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira”, ou calquera referencia á mesma sen a autorización previa da Concellería de Turismo do Concello da Guarda, será causa de resolución do contrato

O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ao órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo elo no que alcance e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

23.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE



A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, do que os acordos poñerán fin á vía administrativa e, contra estes, haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdicción, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

O ALCALDE

Roberto José Álvarez Carrero

Documento asinado dixitalmente á marxe



ANEXO I.- DECLARACIÓN RESPONSABLE (SOBRE A).

OBXECTO DO CONTRATO: ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DURANTE A FESTA DA LANGOSTA E DA COCIÑA MARIÑEIRA

D./Dña. _____, con DNI nº _____, en nome (propio ou da empresa á que representa) _____, con NIF _____, domicilio fiscal en _____ e teléfono _____, decatado/a do anuncio publicado polo Concello da Guarda, e das condicións, requisitos e obrigas sobre protección e condicións de traballo que se esixen para a adxudicación do contrato.

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

1.º Que a sociedade está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación, así como que o asinante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e daquela.

2.º Que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixidos.

3.º Que non está incurso en prohibición de contratar por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71.3 da LCSP.

(Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas tamén deberá presentar unha declaración responsable na que figure a información pertinente para estes casos con arranxo ao formulario normalizado do documento europeo único de contratación).

En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegárase unha declaración responsable por cada empresa participante na que figurará a información requirida nestes casos no formulario do documento europeo único de contratación).

4.º Que o enderezo de correo electrónico no que efectuar notificacións electrónicas é _____.

5.º. Que declaro coñecer e acepto plenamente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base á convocatoria.

6.º. [Só no caso de empresa estranxeira] Que me someto á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional que puidese correspondernos.

Data e sinatura do licitador



ANEXO II. MODELO PROPOSTA ECONÓMICA (SOBRE B).

D..... maior de idade con DNI..... e enderezo en..... en nome propio ou en representación de..... (conforme acredito con poder bastantado), ante o anuncio da contratación POR PROCEDIMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DURANTE A FESTA DA LANGOSTA E DA COCIÑA MARIÑEIRA

DECLARA:

PRIMEIRO: Que ostenta a representación da entidade que presenta esta oferta, que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica , que conta coas autorizacións necesarias para exercer esta actividade e que non está incurso en prohibición da contratar algunha

Que acepta expresamente os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen o presente contrato

SEGUNDO: Que se compromete a realizar o seguinte servizo:

- Tipo de posto :(de entre os sinalados na cláusula primeira dos pregos)
- Prezo anual:euros

Data e sinatura do licitador

